


Proposta 1º educación primaria

1.- Juego de palabras encadenadas: El clásico juego de palabras encadenadas con una letra ábaco-oso-orntorrinco. Una vez que decimos la palabra podemos decir sus sílabas dando una palmada por sílaba.


Por ejemplo: oso → o (palmada) - so (palmada).

Podéis emplear el mismo juego, pero las palabras se encadenarán con sílabas, por ejemplo: pájaro-rosado-dominó.

2.- Completa la frase (oración) escribiendo el nombre de los dibujos.



3.- Ahora tú haces los dibujos. Luego escribe el nombre de cada uno, acuérdate de escribir "un/una/unos/unas" o "la/el/las/los" antes del nombre. Por ejemplo en la primera frase escribiría: Yo tengo **unos** patines.



4.- Lectura diaria de cuentos, revistas, comics... con temática que interese y motive al niño o niña. Recordar que una lectura conjunta o leer en voz alta es muy importante ya que de este modo interiorizamos el sonido de las letras y sílabas.

5.- Debuxa un calendario do mes de abril nun papel. Podes utilizar rotus bonitos e moitas cores para decoralo.

Escribe nel:

- O nome do mes en letras maiúsculas.
- O nome dos días da semana.
- Os números!!!!

Cantos días terá o mes de abril? Recordades o truco da man para saber cantos días ten cada mes?

Se non o recordas pregunta na casa, seguro que alguén pode axudarche.

Agora...

- Colorea de vermello as decenas, 10, 20... Cal falta?
- Pinta de azul o día de hoxe
- Súmalle o día de onte... $15 + \dots =$
- Busca o día que ten 2D e 3U e debuxa nel un libro. Cal sería o número anterior e posterior?

O meu quedou así... se queres podes copialo ou pintalo...



ABRIL 2020



Luns	Martes	Mércoles	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

6.- Xogo máxico!

Material que precisamos:

- Un cachiño de papel de cociña absorbente.
- Un rotulador permanente negro.
- Rotuladores de cores.
- Un recipiente cunha pouca auga.

Agregamos un enlace para que poidades observar o experimento e así levalo á práctica nas vosas casa. Esperamos que o pasedes en grande e o disfrutedes moitísimo.

Enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=g7km1n0xYTY>

Propostas de actividades 2º educación primaria

ÁREA MATEMÁTICAS

- **Investiga as idades dos membros** da familia e di si son pares ou impares, podedes facer o mesmo cos números que se vos ocorran. A continuación poñédeos nunha liña e ordeade de menor a maior e lembrade os seus símbolos.
- **O xogo das horas.** Deixo enlace versión para imprimir. Os que non teñades, simplemente debuxade reloxos nun folio e poñede horas o chou. Este é o enlace para saber as regras do xogo.
<https://unapizcadeeducacion.com/2018/04/23/juego-de-las-horas/>
- Podedes **montar un restaurante** na vosa casa, e xogar a elaborar o menú, e sobre todo aproveitar para repasar as moedas.
Por exemplo, si tedes que cobrar 7 euros, e pagan cun billete de 20 euros, ¿ canto terías que dar de volta?. Faino utilizando moedas. Podedes debuxalas nun folio.
- **Deixovos algúns problemillas**
 - Nunha caixa había 26 mazás e 30 laranxas. Cantas laranxas máis que mazás había.
 - Nunha estantería dun almacén había unha caixa con 56 latas de tomate. Si metín 42 latas máis,¿cántas latas de tomate hai agora na caixa?.
 - Merquei unhas botas de fútbol que costaban 74 Euros e uns calcetíns. Se gastei 85 euros, ¿cantos cartos costaron os calcetíns?
- Inventa ti 3 problemas diferentes, un que teñas que sumar, outro que restar, e si te atreves un de multiplicar.
- Realiza as operacións. Modelos tipo.

456	733	843	415
+ 568	+345	- 679	- 367
-----	-----	-----	-----

- Seguide con repaso das multiplicacións e das táboas. Modelos tipo.

67	45	84
X 5	x 3	x 4
-----	-----	-----

- Realiza **unha gráfica** con xoguetes, ou co que queirades e representala.

Área ciencias naturais e sociais

Esta semana vamos a investigar sobre as aves mariñas.

- Quenes son?
- Que adaptacións fisiolóxicas presentan o medio mariño?.
- As aves mariñas soen ser cazadoras, podes investigar cales se mergullan mentras voan?, cales se zambullen dende a superficie? E cales sacan o voo animais ou restos que hai na superficie?.

Fai unha clasificación das mesmas e realiza un debuxo.

Área de lingua castelá

Propoño facer un **proxecto de viaxe**

Lembrades o globo terráqueo do cole, que tanto vos gusta que rode. Pois si tedes algún pola casa, dade voltas e poñede o dedo onde toque. Saíra un país o chou. No caso de que non teñades elixide un país calqueira.

Pois toca poñerse a investigar e a ESCRIBIR.

Preparade unha viaxe a un país con todo detalle. Teredes que recoller toda a información posible, para isto deberá participar a vosa familia, e se non veredes...

- Cómo ir hasta alí.
- Qué necesidades para viaxar...por exemplo, cuestións sanitarias, burocráticas...
- Qué vades a levar na maleta.
- Unha vez alí, onde vai ser o voso aloxamento, e calculade canto costará según os días que vades. Seguro que tedes que utilizar a multiplicación.
- Observar cantos habitantes ten.
- Qué países o rodean.
- Qué mares e océanos o rodean.
- Qué montañas o vixian.
- A súa gastronomía típica. Gustaríavos? Conversade en familia.
- Descubrir algún feito histórico e encontrade tamén algún personaxe.
- Buscar información sobre cultura, o seu idioma, comprobar o seu clima.
- Preparade algúnhas expresións básicas no seu idioma.

Seguro que precisades dunha parede enteira de papeliños para toda esta información, logo recopilade todo e a facer un montaxe como si tiveras unha guía de viaxe.

OLLO. Seguro que leva varios días. Con calma. Seguro que queda súper chulo.

Área de lingua galega

-Lembrades encontrar o suxeito e o predicado nunha oración. Probade con estas.

- O can ten unha correa larga.
- Meu tío Paco viaxa a América.
- O globo terráqueo rompeu ao caer.
- A nena choraba moito aquela tarde.

-Escribide un conto en lingua galega onde aparezcan estas palabras porco, granxa, lambón, can.

- Observa si aparece algún adxectivo e rodea.

Lee e contesta a estas preguntas

FILLOAS RECHEAS DE MEL

INGREDIENTES - ½ litro de leite de soia - ½ kg de Mel de Galicia - 3 ovos - 200 gr de fariña de arroz - 1 cullarada de azucre - Unha piza de sal - Un anaco de manteiga ou aceite

PREPARACIÓN

Poñemos todos os ingredientes nun recipiente e mesturamos todo moi ben. Deixamos repousar a masa resultante durante uns 10 minutos.

Unha vez esgotado o tempo, collemos unha tixola antiadherente e untamos a base cun anaco de manteiga ou aceite.

Cando esté quente, vertemos un cucharón de masa que tiñamos feitas sobre a sartén, de xeito que quede por toda a superficie. Esperamos un par de minutos ata que os bordes comencen a dourarse e saían as burbullas, lle damos a volta para que se faga polo outro lado.

Retiramos para un prato, lle votamos un pouco de Mel de Galicia e listas para comer!!!

RESPONDE ÁS SEGUINTE PREGUNTAS

1. CANTOS OVOS SE NECESITAN PARA FACER A RECEITA?
2. DE QUE INGREDIENTES PRECISAMOS USAR MEDIO LITRO?
3. CANTO TEMPO DEIXAMOS REPOUSAR A MASA?

4. POR QUE LLE BOTAMOS UN POUCO DE MANTEIGA OU ACEITE Á TIXOLA?
5. ANTES DE DARLLE Á VOLTA A FILLOA NA TIXOLA, A QUE TEMOS QUE AGARDAR?
6. QUE OUTRO RECHEO PODERÍAMOS USAR PARA ENCHER AS FILLOAS?

Educación Artística

Elaborar a nosa linterna máxica do fondo mariño, podedes debuxar peixes, aves mariñas... logo podedes xogar a buscar. Por exemplo, mandar buscar 3 peixes coa linterna. Tedes que deseñar o propio xogo, para logo mandar buscar o que queirades.

Aquí deixo o enlace para facelo.

<https://www.youtube.com/watch?v=8atMWf5GwOw>